

BANDO INFORMATIVO

REAPERTURA DO COMERCIO MINORISTA, RESTAURACIÓN E HOSTALARÍA.

En relación á Orde do Ministerio de Sanidade 388/2020, de 3 de maio, pola que se establecen as condicións para a apertura ao público de determinados comercios e servizos, Alcaldía

INFORMA

PRIMERO. Durante a **FASE 0** da desescalada, permítese a **reapertura de aqueles locais e establecementos do comercio minorista e de servizos profesionais** (perruqueiras, librerías, ferraxerías, talleres ou tendas de arranxos) cuxa **actividade se vira suspendida pola declaración do estado de alarma**, sempre que garantan o cumprimento dunha serie de condicións que permitan compatibilizar esta reapertura coas medidas hixiénicas axeitadas:

- Sistema de **cita previa e atención individualizada**.
- **Recollida no local** dos produtos adquiridos.
- **Sen zona de espera** no interior.

SEGUNDO. Os locais deberán **limparse obrigatoriamente ó finalizar o día**, mediante **desinfectantes con actividade virucida ou dilucións de lixivia (1:50)** recen preparada. Ademais, o local de traballo deberá desinfectarse en cada cambio de quenda.

TERCEIRO. Deberá darse **cumprimento a normativa de prevención de riscos laborais** establecidas xeral e especificamente para prever o contaxio.

Para información ampliada e acceso á normativa, pódese consultar a páxina web do Concello (<https://vianadobolo.gal>). O que se fai público para xeral coñecemento en Viana do Bolo, a 4 de maio de 2020.

O Alcalde. Secundino Fernández Fernández.
Asinado dixitalmente á marxe.